



AMAR A MAR. MARIÑAS, MAROSAS E MARUXAINAS —PROGRAMA ACTIVIDADES—

1.-MICRORRELATOS Á DERIVA

Queres navegar connosco nunha singradura especial?

Temos unha proposta para vós. Partindo das fotos da exposición "Derivas" de Nachok, integrada no proxecto "Amar a mar", gustaríanos coñecer os pensamentos e as historias que vos inspiran en forma de microrrelato.

Cada martes ás 12:00h. colgaremos unha fotografía xunto cunha palabra clave que nos dá unha pista sobre a peza que sae na imaxe.

FORMATO

-OPCIÓN 1: Microrrelato individual, cunha extensión máxima de 280 caracteres.

-OPCIÓN 2: Relato colectivo. Formato de traballo en grupo, na que a suma dos microrrelatos individuais constrúen un único relato. Opción especialmente dirixida para centros escolares como traballo de aula.

Enviádenos os vosos microrrelatos a comunidadermpl@gmail.com, indicando no asunto do correo MICRORRELATOS Á DERIVA.

Os microrrelatos que vaiamos recibindo serán publicados nas nosas redes sociais. Así mesmo, serán integrados e poderán visualizarse na visita inmersiva de "Derivas" (<https://my.matterport.com/show/?m=Z3D5oySb78a>).

2.-MULLERES Ó SALSEIRO

As mulleres da Mariña xúntanse ó salseiro para botar unha parola! Concello a concello reuniremonos cada semana ó redor da exposición "Mariñas, Marosas e Maruxainas" (<https://my.matterport.com/show/?m=NybLhDkFY78>) con aquelas que fixeron posible que este proxecto saíra adiante e algunha máis!

DATAS: sábados, ás 19:00 h. **DURACIÓN:** 30 min. aprox.

Primeira parolada, o sábado 13 de febreiro.

3.-SONS DO NORDÉS

O mar é fonte de inspiración! Animádesvos a poñerlle música? Abrimos a nosa caixa de suxestións para que nos enviesdes cancións que teñan o mar como tema principal.

Cantades? Tocades? Sodes parte dun grupo? Facedes cantos de taberna?

Enviádenos os enlaces das cancións ou os vosos vídeos a comunidadermpl@gmail.com. Indicade no asunto do correo o título da actividade: SONS DO NORDÉS.

Non se pode confinar o mar e tampouco a música! Poñámoslle banda sonora!

Nas fins de semana iremos compartindo as vosas suxestións nas nosas redes sociais.

4.-DERIVAS

Obradoiro de fotografía con Nachok (2ª PARTE): 8 sesións.

Obradoiro online, en directo e en aberto por facebook e youtube.

DATA E HORARIOS: Sábados 6, 13, 20 e 27 de febreiro e 6, 13, 20 e 27 de marzo, ás 12:00 h.

DURACIÓN: 45 min cada sesión.

IMPARTE: Nachok

CONTIDOS:

BLOQUE 1: O QUE?

-EXPRESIÓN CREATIVA: Exploración persoal e busca das vías de expresión e construción do proceso creativo individual:

→A expresión nida da visión persoal: creatividade e técnica

→Expresión de beleza, ledicia, dor.

-CONEXIÓN ENTRE EXECUCIÓN E INTERPRETACIÓN: Diante da cámara > execución (que), detrás da cámara > interpretación (como).

→Como expresar o noso eu a través da imaxe.

→Ideas, conceptos e elementos catalizadores.

→Grandes temas: interpretacións persoais.

→Creatividade: aptitude + goce + técnica.

→Técnica para expresarnos a través da fotografía

●Sensacións > analoxías > metáforas.

●Creación dun cartafol con referentes.

BLOQUE 2: COMO?

- COMPOSICIÓN DA IMAXE: Harmonía, memoria e factor emocional.

- FASES DO PROCESO CREATIVO: Xénese e desenvolvemento de "Derivas"

→Fase de información: busca e experimentación de expresión creativa e de exploración das vivencias persoais.

→Fase de formación: definición das nosas liñas mestras.

●Adquisición das habilidades técnicas. O dominio da ferramenta.

→Fase de acción: procesamento da información e establecemento dun punto de partida.

→Que resultado queremos conseguir?

Cuestionamentos previos:

●Que importancia ten para nós o que queremos contar?

●Cantos esforzo lle queremos dedicar?

●Canto queremos contar de nós mesmos? Que grao de intimidade?

→Resultados, medos e incertezas.

- LINGUAXE FOTOGRÁFICA

→A abstracción como eixo.

→Fotografía "pura" e fotografía como disciplina integradora (pintura, escultura, cine...).

→Autores referentes.

→Visionado de obras clave.

→A fotografía como metalinguaxe.

→Elaboración do propio proxecto.